

Señora Alcaldesa do Excmo. Concello de Vilalba, Señoras e Señores membros da Corporación Municipal, Autoridades aquí presentes, Señores membros do Xurado, Dona Andrea Fernández Maneiro, gañadora deste 50 Certame Literario, Sr. Mantenedor do Certame e Pregoeiro das Festas, Señoras e Señores. Boa tarde.

Estou hoxe aquí, porque a Concelleira de Cultura, Dona Tamara Rodríguez López, tivo a deferencia de invitarme para que falase do nacemento do Certame Literario do Exmo. Concello de Vilalba, acontecemento que vivín en primeira persoa e que **hoxe celebramos a súa 50 edición**.

Gracias , Tamara, por invitarme.

Comezo xa, cas orixes deste Certame Literario.

No Pleno Extraordinario do 7 de febreiro de 1971, sendo Alcalde D. Jesús Gayoso Rey, tomei posesión do cargo de Concelleira.

Pasados uns meses do meu nomeamento como Concelleira e despois de que o Certame Literario de "la Tierra Llana" deixara de celebrarse, pensei en volver a retomarlo. Falei co entón Secretario do Concello, D. Carlos Pardo Menéndez, e díxome que non era posible retomarlo, porque os Alcaldes da comarca de "Tierra Llana" deixaran claro, que non querían seguir con esta celebración: polo coste que lles ocasionaba e pola falta de local onde poder celebralo. **Foi entón cando me xurdiu a idea de crear un Certame Literario do Exmo. Concello de Vilalba.** Esta idea a D. Carlos pareceulle viable.

Como o ano 1975 foi "O Ano Internacional da Muller", o Sr. Alcalde, D. Francisco Roca Agras, no Pleno Ordinario do mes de marzo, propúxome como Presidenta da Comisión das Festas Patronais. Tódolos membros da Corporación alí presentes apoiaron esta proposta, Baseándose en que,

por ser : "O Ano Internacional da Muller, tiña que aceptar. (O ano anterior, o entón Alcalde, D. Vicente Vázquez Peña fixérame tamén esta proposta, proposta que rexeitei). Pero, nesta ocasión vinme na obriga de aceptar. Aceptei ca condición de que me acompañase algún membro da Corporación Municipal. Ofrecéronse para acompañarme os seguintes Concelleiros: D. José Sanjurjo Lozano, D. Gabriel Cabarcos Prieto, D. Jesús Gayoso Rey e D. Manuel Currás González.

A COMISIÓN DE FESTAS QUEDÓU FORMADA POR: (4 mulleres e 4 homes)

Presidente de Honra: D. Francisco Roca Agravas. Alcalde-Presidente do Exmo. Concello de Vilalba

Presidenta: Dna. M^a Dolores Soto Rouco

Vicepresidente 1^o: D. José Sanjurjo Lozano

Vicepresidente 2^o: D. Jesús Gayoso Rey

Tesoreiro: D. Gabriel Cabarcos Prieto

Secretaria: Dona. Luz Baamonde Díaz

Vocais: D. Manuel Currás González, Dona. M^a del Carmen Baamonde Díaz e Dona. M^a Jesús Villar Rúa.

Gracias, Luz, polo teu importante traballo como secretaria. ¡ Cantas horas dedicache á confección das listas nas que figuraba o nome de cada un dos veciños e seu donativo para as festas,!. (Daquela pedíase polas portas, casa por casa.). Estas listas expoñíanse ó público, como era costume, no cristal do escaparate da Farmacia de Don Vicente Vázquez Peña, o pai de Anuska.

Luz, tamén te encargabas da correspondencia relacionada co Certame Literario, todo o escribías a máquina e o mandabamos por correo . Non existían as novas tecnoloxías. Para dar a coñecer o Certame enviabamos as Bases ós principais Concellos de Galicia e ós Centros Galegos máis importantes.

M^a Jesús , aínda oxe recordo o nerviosa que me poñía cando te subías ó alto dunha escaleira posta enriba dunha mesa para poder amañar o telón do salón de actos do Instituto.

Carmen, Luz e máis eu axudabamoste a colocar ós distintos elementos do escenario: as alfombras, as cadeiras, o atril, etc. etc. Tíñamos que deixalo todo listo para que a " Floristería Rama" durante a noite o engalanase. As flores ca súa beleza e colorido realzaban o acto da Clausura do Certame.

Gracias, **M^a Jesús**, polo teu valioso traballo. Ti diseñaiche e fiseche as plantillas do Pendón, para presidir o Salón de Actos , plantillas que Isabel Cortegoso, a Directora do Colexio de M^a Mediadora, utilizou. ¡ Cantas horas dedicou Isabel para a súa confección.! Durante moitos anos, encargouse tamén de pintar as bandas da Raiña das Festas e das súas Damas de Honra. **Isabel**, sempre estaba disposta a colaborar. Neste ano cúmprese dez anos do seu pasamento . **Isabel**, aínda que non te atopas entre nosoutros, queremos agradecerche a túa colaboración tan desinteresada como laboriosa.

Carmen, ti sempre estabas alí onde se te necesitaba. Colaborabas en todo, eras como un comodín capaz de desempeñar calquera función. Nunca fallabas cando íamos polas portas a recaudar cartos para as festas. Gracias, Carmen, pola a túa implicación.

Na primeira reunión celebrada cos membros da Comisión de Festas, propúxelles a creación do Certame Literario do Exmo. Concello de Villalba. A todos lles pareceu unha excelente idea.

O seguinte paso era presentarlle a proposta ó Señor Alcalde e así o fixen.

Na Acta do Pleno Ordinario do 8 de abril de 1975, no punto 6º da Orden do Día dí: "la Alcaldía da cuenta de que la Comisión de Fiestas quería celebrar un Certamen Literario exclusivamente de Villalba y que el Ayuntamiento tendría que dar la correspondiente subvención; **expresando la Presidencia** que le parecía muy bien la idea y que la sometía a la consideración de los concejales. La Corporación Municipal, allí presente, manifestó por unanimidad su conformidad con la propuesta."

Deste xeito comezou a súa andadura o Primeiro Certame Literario do Excmo Concello de Vilalba.

Ó día seguinte a Comisión de Festas comezou a darlle forma a este proxecto. Pensamos que D. Xosé Luís García Mato, como poeta e como coñecedor dos ambientes literarios, podía axudarnos e que, tamén, D. Xulio Xiz, quen oxe nos acompaña, podía sernos útil pola súa participación en eventos deste tipo. Ambos asesoráronnos e encargáronse de confeccionar as bases. E, cando mas entregaron, paseillas o Sr. Alcalde.

En nome de tódolos compoñentes da quela Comisión de Festas, quero publicamente manifestar, o noso máis profundo agradecemento a Xulio Xiz, Presentador deste acto e, tamén , a Xosé Luis García Mato, aínda que **este** sexa un agradecemento póstumo.

Na sesión Ordinaria do Pleno do día 10 de xuño de 1975, no punto 9 da Orde do Día dí:

"Por la Alcaldía se da cuenta de las Bases del "Primer Certamen Literario del Excmo. Ayuntamiento de Villalba, que le fueron entregadas por la Presidenta de la Comisión de Fiestas, organizadora de dicho Certamen y a las cuales se da lectura ". "El Pleno queda enterado y manifiesta su conformidad con dichas bases".

Finalmente na Sesión Extraordinaria do Pleno, celebrada o 29 de agosto de 1975, no punto 6º da Orden do Día dí:

"...mañana día 30 se clausura el Certamen Literario del Excmo. Ayuntamiento ..."

Deste xeito, o 1º Certame Literario do Concello de Vilalba, comezaba a súa andadura.

Mais a súa consolidación definitiva tivo lugar un ano despois.

O 16 de xunio do ano 1976 na Sesión Ordinaria do Pleno, no punto 8 da Orde do Día, "Rogos e Preguntas", di textualmente: "...abierta esta sección interviene la Srta. Soto Rouco quién solicita información del Sr. Alcalde sobre si , en la programación que tiene hecha la Comisión de Fiestas, figura la celebración del Certamen Literario de Villalba".

"Le contesta la Presidencia que la Comisión de Fiestas no se compromete a organizarlo, ya que son muchos los problemas que tienen".

"Interviene nuevamente la Srta. Soto Rouco quien hace una exposición de que el Certamen iniciado el año pasado debe de continuar en años sucesivos, y en dicho sentido se manifiestan todos los Sres concejales".

"Responde el Sr. Alcalde que él también está de acuerdo en que se celebre el Certamen, pero, como la Comisión de Fiestas no lo organiza, debe de hacerlo el Ayuntamiento y propone que se encargue de dicha organización la Srta. Soto Rouco..."

"Todos los Concejales prestan su conformidad a la sugerencia de la Alcaldía".

Así quedou definitivamente consolidada a creación do Certamen Literario do Concello de Vilalba.

INTERVIRON NA SÚA CREACIÓN:

O Sr. Alcalde - Presidente: D. Francisco Roca Agras

Os Concelleiros: D. Plácido Celeiro Arias , D. Justo Mato García, D. José Lorenzo Rodríguez, D. José Sanjurjo Lozano, D. Gabriel Cabarcos Prieto, D. Jesús Gayoso Rey, D. Ramón Durán Carreira, D. Manuel Currás González, D. Antonio Paredes Insua e D. David Fernández Fraga.

Todos xa faleceron e, aínda que sexa un recoñecemento póstumo, síntome na obriga e no deber de facer público o meu agradecemento polo apoio que, de forma incondicional, recibín. Todos eles se implicaron na creación deste importante acto cultural que enriqueceu e promocionou a cultura de Vilalba e de Galicia.

Ata o 24 de abril de 1979, data na que ceséi como Concelleira, continúei sendo a encargada de organizar este evento.

E, para rematar, quero agradecer e valorar que, dende entón,
as sucesivas Corporacións Municipais continuasen ca celebración deste
Certame Literario, engadindo modificacións nas súas bases e nos
seus premios, ata consolidarse, como único e moi importante premio,
o premio de poesía. Debido a este traballo continuado ó longo de
todos estes anos, **hoxe , podemos celebrar con xúbilo o seu
50 aniversario.**

**Deséxolle o Certame unha longa vida. E pido que, ano tras ano,
as sucesivas Corporacións sigan implicándose para que, o seu prestixio,
continúe medrando nos ámbitos literarios.**

MOITAS GRAZAS

E

FELICES FESTAS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA

Vilalba a 30 de agosto de 2024